



CURRÁS
Anexo de Amorín

Foi coñecida esta parroquia da antigüidade co nome de Sn. Martiño de Gándara, e aínda a expresa así o Sor. Sandoval: nunha escritura do ano 1610 danlle o mesmo título de Gándara, e engádesse que o Párroco de Sn. Salvador de Tebra tamén o era da que falamos. Noutra do Mosteiro de Monxas da Vila da Guarda de 3 de xaneiro de 1622 díse que un tal Esteban Vázquez era veciño de S. Martiño de Gándara feligresía de Currás. Estes instrumentos citámoslos aquí para a identificación do nome de Gándara co de Currás. O Sor. Bispo de Tui Dn. fr. Diego de Muros en 18 de abril de 1482 uniu á Mesa Capitular do Cabido Catedral desta Cidade a metade da Igrexa de Gándara. Desde tempos moi remotos é Currás anexo da parroquia de Sn. Salvador de Tebra, aínda que con outras Igrexas intermedias dunha e outra, e xa o era en Outubro de 1540. Venera por Patrón tutelar a Sn. Martiño Bispo de Turon en Francia, que celebran o 11 de Novembro. Habitana 50 veciños, que corresponden polo contencioso ao Xuíz que hai no mesmo Pobo, e polo político e gobernativo ao de Barrantes. Valen os seus décimos 4.800 reais, dos que leva o Párroco da matriz a metade con cargo de poñer aquí ao Capelán cura, e a outra metade o referido Cabido Catedral de Tui, este en vista da unión citada arriba. Dito Capelán non ten casa reitoral nin igrexario. A fábrica da Igrexa posúe un pedazo de terra de tres ferrados de pan en semente, e ademais percibe de renda 4 ferrados de trigo, 11 reais e medio cuartillo de aceite. Nesta Igrexa hai un cáliz de peso de 21 onzas e media, que ten un setreiro no seu pé onde di: "Díome la Serenísima Da. Juana de Austria Princesa de Portugal e Infanta de Castilla", e máis abaixo outro no que tamén se le: "A Sn. Martín de Currás", e ten debuxado entre as letras unha cruz, e as armas de Portugal cos seguintes números 1573, e no fondo do pé, segundo din, conserva unha marca cunhas letras que non se entenden. Eu non tiven proporción de ver ata agora este cáliz. Confina Currás co Miño. Dista de Tui 3 cuartos de segua." (Ávila y La Cueva, 535-536).





Igrexa (58)

No barrio do Cruceiro.

Foi no seu tempo parroquia independente, coñecéndose pola denominación de S. Martiño da Gándara. E esta denominación aparece xa en documentos do ano 1431. Os seus primeiros libros parroquiais dátanse no ano 1652, pero xa funcionaba como parroquia no século XV.

Posteriormente foi anexo de S. Salvador de Tebra e na actualidade é anexo de S. Xoán de Amoín, da que xa o fora no ano 1904.

A igrexa non ten un estilo definido, como tantas outras do noso rural. A súa data de construción é probablemente ao redor do ano 1500, pero sufriu moitas reformas, as últimas na década dos oitenta do século pasado, que a deixaron no estado en que hoxe a podemos contemplar.

Ten nave rectangular, cun arco de medio punto sobre columnas adosadas e con capitel que separa o presbiterio, que é un corpo cadrado e de máis altura que a nave, construído polo ano 1782 polo mestre canteiro Xoán Francisco de Novas Alonso, natural de Pazos de Reis. Nese ano cobra do Cabido Catedralicio de Tui o primeiro terzo da obra, por un importe de 483 reais e 11 maravedís.

O tellado da nave é a dúas augas e o do presbiterio a catro.

Ao presbiterio engadíuselle, polo lado sur, un corpo máis baixo para que servise de sancristía.

Na última reforma púxoselle unha bóveda curva colgada na nave, cubrindo a antiga de madeira a dúas vertentes.

A **fachada occidental** está enmarcada por dúas pilastras laterais, que sosteñen pináculos, e unha cornixa convexa ata a base da espadana, onde é recta.

No seu eixe, enriba da porta moi sinxela, hai unha placa conmemorativa na honra de D. Xesús Gomez Sobrino, que atendeu esta parroquia e, máis arriba, unha fiestra a modo de fornela, con porta de madeira e cristal.

A espadana ten unha base moi voada e dous ocos de medio punto adornados con pilastras laterais no eixe de separación. Remátase con outra cornixa voada e, sobre ela, outro corpo de un só oco máis sinxelo e pináculos nos extremos. Por riba a cruz de remate.

A capela maior cobre todo o seu paramento cun **retablo** de comezos do século XIX, realizado polo mestre carpinteiro Xosé de Acuña, que axusta esta obra o 27 de outubro do ano 1812 na cantidade de 1500 reais.

É unha obra da época. Consta de tres rúas. A predela acolle o sagrario e as bases das columnas que separan as rúas. Por riba dela, na rúa central unha gran fornela bastante fonda, con remate moldurado, que acolle unha pirámide escalonada na que se atopa a imaxe do patrón, **S. Martiño (61)**, e aos seus lados, sobre peañas sinxelas, están as imaxes de S. Roque e Sto. Antonio.

Dúas columnas douradas, con capitel corintio, marcan a separación das rúas laterais, que acollen sobre peañas máis potentes o Sagrado Corazón de Xesús e a Virxe do Rosario.

O entablamento central adórnase con xarróns por riba das columnas, e no centro un **medallón (59)** representa a S. Martiño partindo a súa capa, entre adornos florais.

Na parede de cerre do arco triunfal, sobre peañas, as imaxes da Virxe co Neno e S. Xosé na outra.

Todo o adro está cerrado cun muro de cachote que o separa do torreiro, onde se atopa un **cruceiro (62)** con fuste hexagonal, que presenta un Cristo morto no anverso, e no reverso unha Piedade sobre cabeza de anxo.

FESTAS E ROMAXES DE CURRÁS

- Virxe do Rosario: xullo (variable)
- S. Martiño: 11 de novembro.

